



Parlamento das Letras: Marcos Calveiro

Publicado o [18/06/2013](#)

A traxectoria autorial de Marcos Calveiro está marcada pola asombrosa capacidade para explorar novos rumbos. Literatura infantoxuvenil, novela, poesía ou ensaio teñen sido frecuentados, en maior ou menor medida, por este vilagarcían de nacemento e vigués por convicción e devoción.

A camaleónica imaxinación de Calveiro desprázase no tempo e no espazo con facilidade portentosa e igual recrea a Venecia do XVIII que a Compostela do XVII, o mesmo a marxinalia do mundo circense de comezos do XX que o México panchovillista, tanto o mítico e máxico mundo das mil e unha noites do Simbad coma o Auvers de fins do XIX polo que deambulaba Van Gogh ou a dura e árida África subsahariana dos nosos días.

Nos últimos anos Calveiro revelouse como unha das voces máis activas das letras de noso. Tamén como un dos seus máis reflexivos, conscientes e críticos creadores. Coido que as súas respostas a este cuestionario non me han deixar por mentirán.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro texto “publicado” foi *Incendios provocados en vivendas unifamiliares*, un poemario en edición non venal que autoeditei co colectivo Remolca a Madriña alá polo ano 1996. Foron só 30 exemplares e algún día supoño que serán peza de coleccionista...

Pasei os 9 anos seguintes presentándome a canto premio se poñía por diante e enviando orixinais ás editoras sen resultado ningún. Xa decidira abandonar a literatura cando chegou no 2005 o premio de Poesía do Concello de Carral por *Cartas do terceiro día*. Ese mesmo verán coñecín o meu primeiro e aínda editor Ignacio Chao, a quen tanto lle debo, que ao ler os primeiros capítulos do meu *Sari soñador de mares* entusiasmouse e tirouno do prelo en Tambre-Edelvives no 2006. Eu daquela nin sabía que escribía LIX.

Logo xa foi todo rodado, premios, libros... non me podo queixar. Tardei en chegar, pero o destes anos foi unha marabillosa tolería. Se mo din no ano 2005 non o creo.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Repito que non teño queixa, en xeral fun e son moi ben tratado pola crítica e polo público. Aínda que os escritores sempre somos un insatisfeitos e postos a laiarme citaríase *Settecento*, á que supoño que lle pesou moito o antecedente de *Festina Lente*, os lectores ficarían decepcionados pois en nada se parecían.

E entre os de LIX, *Centauros do norte* porque quizabes os mozos de hoxe en día non teñen xa esa mítica arredor do western dos da miña quinta.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non comezo ningunha das miñas novelas ata que teño o final, que sempre é o primeiro que escribo. Preciso saber a onde teño que chegar, a miña é o que poderíamos cualificar como “escrita retrospectiva”... Confeso que escribín algunha novela só polo seu final... Como escritor e como lector son máis de finais que de principios.

Escribo sempre con música, de todo tipo: de jazz a clásica, de hip hop a folk. Mais sempre que comezo unha obra poño a mesma peza de inicio, “My favourite things” na xenial versión de Coltrane. Lémbreme que malia que un escribe só están con el todas as súas cousas favoritas cando o fai: filmes, libros, persoas queridas... E lémbreme tamén o poema homónimo, para min un dos mellores da literatura galega, de Ramiro Fonte: “Unha longa conversa cun amigo,/ Rememorando feitos do pasado,/ Unha ponte que leva ó seu destino/ A un neno solitario; /Un cine e os seus bicos clandestinos,/ Nunha tarde de inverno, no extrarradio/ Desa cidade que salvei do olvido/ Despois de moitos anos...”.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Iso corresponderalle ao antólogo ou antóloga... Pero posto a escoller supoño que canda todas e todos os que proseguimos o extraordinario traballo da lendaria “Xeración Lamote” na LIX galega. Podería citar a Leticia Costas, Jacobo Fernández Serrano, Andrea Maceiras, Teresa González Costa... e moitos máis.

Teño claro que o próximo premio nacional ás nosas letras virá da LIX, o xénero máis vizoso da nosa literatura, aínda que ás veces algún mediocre diletante o desprece.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Recorrería a un tópico, mais neste caso é certo: son o que lin e vin. O escritor que son nace do voraz lector adolescente que fun mais tamén do cinéfilo. Quizabes escriba fundamentalmente LIX por ese motivo: ese lector adolescente aniña aínda en min, con moita forza, máis que o lector adulto. Esa marabillosa sensación de descuberta que un ten ao bater cun libro extraordinario con 15 ou 16 anos non se repite xamais, logo volvémonos uns lectores resabidos cheos de prexuízos.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Son sobre todo aos libros de autores que descubrín na miña adolescencia, poetas: Kavafis, Manuel Antonio..., aínda que tamén narradores como Cunqueiro, Ballard, Kerouac ou Philip K. Dick ... e moito cómic, ao que sempre regreso, Valerian, Corto Maltés...

Como lector adulto teño especial querenza por dous narradores franceses, moi distintos porque me fascinan no seu xeito de contar: Emmanuel Carrere e Pascal Quignard.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalle o máis evidente: lectores. A causa de tal feito penso que é múltiple: por un lado vai unido ao problema que temos coa nosa propia lingua, tanto social como institucionalmente. Estamos a escribir en territorio inimigo, por desgraza. A min, nos centros, a mocidade aínda me preguntan porque escribo en galego, seguen a velo como unha anomalía, e que aínda fagan esa pregunta é

sintomático da situación en que estamos. E por outra banda o actual goberno Feijoo aborrece a nosa lingua e non deixa de atacala e aldraxala decote... e así nos vai o conto.

Ninguén se queixa cando Feijoo subvenciona unha multinacional coma Citroen, mais os escritores galegos cargamos co sambenito de subvencionados cando non é certo. E aínda que o fose, non debería pasar ren. Semella que todos os sectores produtivos do país teñen dereito a subvención agás o cultural, cando arredor da cultura hai moitos postos de traballo e algo máis importante: a identidade do noso país. Síntoo, pero un libro en galego é moito máis importante que un automóbil dos que sae da cadea de montaxe de Citroen para venderse en calquera lugar do mundo. E o que non o queira entender así...

Temos tamén un evidente problema de visibilidade nos medios do país: calquera pailán de Madrid vén presentar o seu mediocre libriño a Galiza e ocupa espazo en todos os xornais ou no telexornal, un espazo que un escritor galego nin soñaría xamais. Penso que moitas veces non chegamos á xente, e non é por calidade ou variedade, penso que vivimos unha das épocas máis vizosas das nosas letras. Semella que fósemos unha literatura só para iniciados, agás no caso da LIX que ten unha ampla repercusión entre o lectorado grazas á vital intermediación dos educadores e que se traduce acotío a outras linguas.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Son moi de arroutadas cando escribo, unha historia posúeme e teño que botala fóra, exorcízala... por iso non podo dicir o que non me perdoaría non deixar escrito: non teño nin a máis remota idea de que vai ser o seguinte...

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Como xa dixen antes, malia os atrancos, os ataques e a crise, penso que vivimos un momento moi vizoso das nosas letras: en temáticas, xéneros e calidades... non temos nada que envexarlle a calquera outra literatura peninsular. Fáltanos só a proxección alén do Padornelo, para iso a oficina exterior do libro galego sería fundamental, pero claro, batemos co maior inimigo da nosa cultura, da nosa lingua, do noso país: o seu propio goberno.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Non é miña esta tribuna para proferir todas as palabras de escarnio e maldicir que se me pasan pola cabeza contra o noso goberno... así que deixémolo estar. Agradecerche este parlamento e todo o traballo que fas dende o blogue e outros medios.